

# PROXECTO LINGÜÍSTICO

## ÍNDICE

1. Introducción
2. Determinación da situación sociolingüística do centro.
  - Contexto xeográfico.
  - Contexto sociolingüístico do centro.
  - Situación do profesorado.
  - Situación do alumnado.
  - A ambientalidade lingüística do centro.
3. O emprego da lingua galega nas actividades do centro.
4. Medidas adoptadas para o mellor uso das linguas na Educación Primaria.
5. Medidas adoptadas para o mellor uso das linguas en Educación Infantil.
  5. 1 Método empregado para a aprendizaxe da lecto- escritura.
6. Obxectivos do EDLG.
7. Actividades xerais.
8. Medidas para potenciar o uso do galego no alumnado que non o domine.
9. Anexos.

## **1. INTRODUCCIÓN**

O decreto 79/2010 do 20 de maio dedica o seu artigo 14 ao denominado Proxecto Lingüístico do centro (PLC) establecendo os seguintes puntos:

1. Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:
  - As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 6 a 13.
  - As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización Lingüística e na LOE no que afecta ao fomento do plurilingüismo.
  - Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno a que se refire o artigo 5 deste Decreto.
  - As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
2. O Proxecto Lingüístico formará parte do Proxecto Educativo do Centro. **Será redactado por una comisión do profesorado do centro**, designada polo Equipo Directivo, ouvida a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na súa composición terán especial relevancia o Equipo de Dinamización Lingüística e os compoñentes dos departamentos das outras linguas.
3. O Proxecto lingüístico do centro será **aprobado e avaliado polo Consello Escolar** do centro educativo.

4. Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico e **remitirase aos servizos de Inspección**, que velarán para que o seu contido se axuste a este Decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas detectadas en cada curso, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte.
5. Así mesmo, no marco do Proxecto Lingüístico fomentárase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.
6. En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas, coa finalidade de que o alumnado que non teña suficiente dominio da lingua galega poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.
7. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os Proxectos Lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación, coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.


## 2. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A análise sociolingüística realizada no centro con respecto ao noso contexto xeográfico e cultural está baseada na observación e no tratamento da información que se desprende do coñecemento das familias dos alumnos xa que, ao ser un centro pequeno é sinxelo corroborar os datos por observación en contextos espontáneos como son as entradas e saídas ás aulas e as actividades en que participa toda a Comunidade Educativa.

Pero para unha maior precisión tamén empregamos datos de tres enquisas realizadas a alumnos e pais nos anos 2005, 2008 e 2013.

A característica principal do centro e o seu contexto é o emprego maioritario da lingua galega por parte da Comunidade Educativa. A práctica totalidade dos alumnos son **galego falantes** e a lingua materna destes nenos, polo tanto, é o galego.

Os alumnos coñecen en menor contía o castelán. O certo é que practicamente a todos, agás contadas excepcións, cústalles expresárense en castelán máis aló da linguaxe automática e de cortesía e das ordes sinxelas sendo a comprensión moito máis ampla.



Os resultados das enquisas que realizamos dan como resultado que case un 90 % de alumnos e pais falan habitualmente só en galego. Un escaso 6 % só en castelán e outro 6% que emprega ambas as dúas segundo o contexto no que se atope.

Na última enquisa aumenta minimamente a porcentaxe de falantes en castelán, o que probablemente se deba á chegada dalgúns inmigrantes á zona.

## Contexto xeográfico.

O C.E.I.P. Mesón do Vento localízase na localidade do mesmo nome, que pertence ao Concello de Ordes. Está situado a uns 9 Km ao Norte da capital.




Debido á súa situación periférica o C.E.I.P do Mesón ten alumnos dos concellos de Carral e Mesía e outros pertencentes a 5 parroquias de Ordes: Ardemil, Buscás, Leira, Mercurín e Vilamaior.

É unha zona pouco poboada e que basea a súa economía no sector primario, fundamentalmente a gandería.

Tamén é importante o número dos que se dedican á construción e, no caso das mulleres, ao sector da confección nalgún dos moitos talleres que houbo en Ordes, pero que xa non existen.

En todo caso o nivel de riqueza non é alto e a gran maioría tampouco ten un alto nivel educativo.



### **Contexto sociolingüístico do centro**

- Lingua empregada habitualmente nas familias: *Galega*
- Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias: *Galega*
- Lingua empregada polo Concello: *Galega*
- Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno: *Galega*

### **Situación do profesorado**

O centro educativo conta cunha plantilla docente de 15 profesores/as (o 80% mulleres) dos cales 2 son profesoras itinerantes (profesora de Relixión con destino definitivo e profesora de AL con destino provisional) e como persoal non docente:

- 1 conserxe
- 2 persoal de limpeza
- 2 persoal de cociña

A maioría do profesorado e persoal non docente son galego falantes, podendo dicir ademais que todos teñen o curso de perfeccionamento da lingua galega ou galego avanzado e catro o curso de especialización.

Salientamos o interese do profesorado por formarse no emprego das TIC, téndose realizado varios cursos de formación no centro.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega estableceu un calendario de reunións mensuais, coincidindo co segundo luns de cada mes e a maiores celébranse reunións cando se estima preciso.

O EDLG traballa en colaboración con outros equipos, especialmente EACE e E. Biblioteca.

### **Situación do alumnado**

- Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá: *Galega*.
- Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar: *Galega*
- Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar: *Galega*.
- Competencia comunicativa en galego que traen do ciclo anterior: *Boa*.
- É mellor a competencia oral que a escrita.

### **A ambientalidade lingüística do centro**

- Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas informativas dos taboleiros: *Total*.
- Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritos co alumnado, coas familias e con outras institucións: *Total*.
- Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais: *Practicamente total*.
- Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro: *Total*.
- Emprego do galego na realización das actividades extraescolares: *Total*
- Emprego da lingua galega na realización das actividades complementarias e calquera outra que se realice dentro ou fóra do centro: *Total*
- Dotación de fondos en galego na biblioteca: *60%*.

A biblioteca do centro conta con abundantes exemplares en galego que seguiremos aumentando, se o presuposto o permite; xa que dende o centro se organizan varias actividades de animación á lectura.

- Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación:

O centro conta cunha aula de informática. Todos os grupos teñen asignado un horario semanal do que habitualmente fan uso para traballar coas novas tecnoloxías. Contamos con algún *software* en galego, especialmente para os niveis máis baixos (Papeliños, Trasnos máxicos, Cativadas, Galiclic, Flocos de millo...)

**Conclusión:** o emprego do galego é total e absoluto na vida do noso centro.



### **3. EMPREGO DA LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES DO CENTRO**

Estase a empregar a lingua galega en todas as actividades do centro, así como nas relacións entre a comunidade educativa.

- O desenvolvemento das tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes é en lingua galega.
- A comunicación do centro coas distintas administracións faise sempre na lingua propia, agás que esta se realice con outras comunidades autónomas.
- A coordinación do labor docente entre todos os membros da Comunidade Educativa ten como código comunicativo o galego.
- Os documentos legais e oficiais do centro redáctanse en galego: Libros de actas do claustro, consello escolar e comisión económica. Libros de rexistro de entradas e saídas, convocatorias de claustro e consello.
- Calquera comunicado oficial ou circular informativa que se redacte dende o centro.
- Actas das reunións dos órganos de coordinación docente.
- Programacións didácticas, PXA, PE, Concrecións Curriculares (agás as áreas impartidas en castelán).
- E demais proxectos, segundo a normativa vixente.

#### **4. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O MELLOR USO DAS LINGUAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA.**

No noso proxecto entendemos que o neno debe de acadar ao remate da Educación Primaria un dominio, axeitado ao nivel, das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma: o galego e o castelán.

Dado que o uso do galego é total e masivo, a nivel oral e escrito, queremos que o nivel (sobre todo en expresión oral) de uso do castelán adquira maior relevancia.

Esta decisión non diminúe o interese por mellorar a competencia lingüística en galego en canto á forma correcta de uso oral e tamén escrito, isto é, aproximarnos cada vez máis ao uso normativo na vida cotiá empregando termos e estruturas gramaticais correctas.

En toda a etapa de Educación Primaria garantírase o cumprimento do establecido para esta etapa no Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

(Ver anexo final)

#### **5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O MELLOR USO DAS LINGUAS EN ED. INFANTIL**

O Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Ed. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o DCB (concretamente a fonte sociolóxica) subliñan:

“La importancia de que el proceso de enseñanza-aprendizaje se realice en la lengua dominante (materna) de los niños, que en muchas de nuestras escuelas es el gallego, con una progresiva introducción de la segunda lengua, basando este aprendizaje en la necesidad de expresión y comunicación del niño/a (de esta manera no la aprende sino que la habla)”.

Na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, neste caso o galego, e coidará de que adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.

*Debido a que o centro se ubica nunha zona totalmente rural, onde os alumnos son todos galego falantes a introdución da lingua castelá na nosa etapa, farase.....*

Para que o noso alumnado adquira de xeito oral e escrito o coñecemento da outra lingua oficial (o castelán) traballaremos as seguintes actividades:

- Lectura de contos.
- Adiviñas.
- Cancións.
- Poemas.

Outras actividades que faremos na aula, en galego e que se atopan incluídas nos temas transversais da nosa programación son:

- Elaboración de receitas (sobremesas) para os aniversarios.
- Xogos populares (fichas técnicas e xogos).
- Traballo co menú do comedor, cada día.
- .....

**6. OBXECTIVOS DO EDLG.**

- 1) Asesorar ao profesorado no uso do galego, especialmente nos últimos cambios das normas ortográficas e lexislación.
- 2) Descubrir a nosa realidade cultural e coñecer as manifestacións culturais do noso contorno máis próximo.
- 3) Continuar adquirindo e confeccionando materiais didácticos (unidades didácticas, actividades informáticas, etc.) en galego.
- 4) Fomentar o gusto pola lectura e escritura en galego facendo partícipes tanto ao resto da comunidade educativa como ás familias.
- 5) Impulsar e participar nas distintas celebracións tradicionais que hai no colexio (Magosto, Nadal, Entroido...).
- 6) Continuar creando material para a páxina web do colexio.
- 7) Publicar o xornal escolar "FONTIÑA".

## **7. ACTIVIDADES XERAIS**

### **a) De uso do galego**

De acordo co EDLG as actividades complementarias e extraescolares encamiñadas a un mellor uso e gozo do galego neste curso son as seguintes:

#### **O MAGOSTO**

O Magosto é unha festa de ensalzamento dun froito típico do outono como é a castaña. Na Galicia dos nosos antergos foi unha fonte de alimento que quitou fame, pois tiña a posibilidade de conservarse durante o inverno e servir de sustento animal e humano.

Normalmente celebrámolo no mes de novembro e son os rapaces os que traen castañas da casa, de soutos próximos as súas vivendas. Asámolas no centro e, logo dunha chea de xogos, degustámolas.

Previamente preparamos o tema e falamos do outono e do que acontece nesta estación.

#### **O NADAL**

No Nadal faise un concurso de postais, decoración das clases e corredores, contacontos, panxoliñas,...

#### **O ENTROIDO**

No CEIP do Mesón do Vento a preparación do Entroido é un acontecemento moi esperado polos nenos. Non só se trata dos traxes, tamén a gastronomía é comentada e degustada no centro.

Colócanse murais que ilustran os carnavais máis sonados: os peliqueiros, os boteiros, os xenerais e as pantallas.

### **DÍA DA PAZ**

Celebramos con diversos actos, cancións... sobre a paz e a solidariedade.

### **DÍA DA ÁRBORE**

Día propicio para que a actividade na aula xire en torno ao medio ambiente; lemos sobre a auga, as árbores, e a incidencia da contaminación na natureza. Realízanse murais, presentacións,...

### **SEMANA DO LIBRO E DAS LETRAS**

Lecturas dos alumnos de 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria aos máis cativos, pequenas representacións de contos, visitas de autores ou ilustradores e actividades diversas sobre a cultura e os libros.

Concursos literarios, información bibliográfica sobre o autor homenaxeado nas Letras Galegas, actividades englobadas na "Carreira polas Letras Galegas".

### **XORNAL "A FONTIÑA"**

Todos os anos elabórase a revista escolar con resumos das actividades levadas a cabo durante o curso. Tamén se inclúen as historias premiadas no concurso literario e outras colaboracións do alumnado.

## **8. MEDIDAS PARA POTENCIAR O USO DO GALEGO NO ALUMNADO EN XERAL E ESPECIALMENTE NAQUEL QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

Segundo os artigos 18 e 19 do Decreto 79/2010 e a Orde do 10 de febreiro de 2014 pode haber alumnado con dereito a exención de cualificación en lingua galega. Actuarase conforme ao establecido pola lei, nos artigos antes mencionados.

## 9. ANEXOS

### LINGUA DE IMPARTICIÓN DAS DISTINTAS ÁREAS EDUCACIÓN PRIMARIA

(Segundo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio; DOG do 25/05/10)

ÁREAS OU MATERIAS	1.º Curso		2.º Curso		3.º Curso		4.º Curso		5.º Curso		6.º Curso	
	HR S	LPC	HR S	LPC	HR S	LPC	HR S	LPC	HR S	LPC	HR S	LPC
Lingua galega e literatura	4	LG	4	LG	4	LG	4	LG	4	LG	3	LG
Lingua castelá e literatura	4	LC	4	LC	4	LC	4	LC	4	LC	3	LC
Lingua estranxeira	2	Ing	2	Ing	3	Ing	3	Ing	3	Ing	3	Ing
Educación artística (Música)	1	LG/In g	1	LG/In g	1	LG/In g	1	LG	1	LG	1	LG
Educación artística (Plástica)	1	LG	1	LG	1	LG	1	LG	1	LG	1	LG
Educación física	2	LG	2	LG	2	LG/In g	2	LG/In g	2	LG/In g	2	LG/In g
Matemáticas	5	LC	5	LC	4	LC	4	LC	5	LC	5	LC
Ciencias da natureza	2	LG	2	LG	2	LG	2	LG	2	LG	2	LG
Ciencias sociais	3	LG	2	LG	3	LG	2	LG	2	LG	3	LG
Relixión/Valores sociais e cívicos	1	LC	2	LC	1	LC	1	LC	1	LC	1	LC
Ed. emocional e creatividade	-	-	-	-	-	-	1	LG	-	-	1	LG
TOTAIS .....	25	13/10	25	12/11	25	13/9	25	13/9	25	12/10	25	13/9

#### CLAVES:

HRS = Columna co horario semanal das distintas materias de cada curso (Anexo IV do Decreto 105/2014, do 4 de setembro; DOG do 09/09/14).

LPC = Columna das linguas a impartir as distintas materias.

LG = Materia impartida en Lingua galega.

LC = Materia impartida en Lingua castelá.

../.. = Relación horario Galego / Castelán.

## PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CEIP DE MESÓN DO VENTO

---

**SECCIÓN BILINGÜE:** Os cursos 3º, 4º, 5º e 6º na área de Ed. Física, e os de 1º, 2º e 3º en Ed. Musical entran no ámbito da S. B. e as clases son impartidas en inglés e galego. Proximamente ampliaremos a toda primaria.



## Lexislación sobre o galego na Comunidade Autónoma Galega

### > **Disposicións xerais:**

- CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1978)  
Artigo 3 do Título preliminar e artigo 27 do Título primeiro.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia. Artigo 5 do Título preliminar e artigos 27 e 31 do Título segundo. BOE núm. 101, do 28 de abril de 1981.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, Mellora da Calidade da Educación.

### > **Na Educación:**

- Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG 25 de maio de 2010).
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este. (31 de agosto de 2013).
- ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega. (DOG 19 de febreiro de 2014).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 171, do 9 de setembro de 2014).
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Nº 110 de 10 de xuño de 2016).

## **PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CEIP DE MESÓN DO VENTO**

---

- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Ed. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG nº 121, do 23 de xuño do 2009)
- Orde do 25 de xuño de 2009, polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Ed. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG nº 134, do 10 de xullo do 2009)
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG núm. 146, do 30 de xullo de 2007).
- Corrección de erros.-Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG núm 178, do 13 de setembro de 2007).

**Mesón do Vento, 20 de marzo de 2020**